



Publicacións

La memoria de los cuentos

_____ O libro

Os contos populares que nos chegaron a través da tradición oral son parte fundamental da Historia da Literatura. Co obxecto de recuperalos e preservalos para o futuro, a SECC edita □La memoria de los cuentos. Los últimos narradores orales□. Antonio Rodríguez Almodóvar, especialista nesta vía de transmisión dos contos hispánicos, é o editor desta publicación que se completa co documental □La memoria de los cuentos□, dirixido por José Luís López Linares.

O obxectivo deste proxecto é pór en valor un dos maiores tesouros da cultura popular española, a dos contos que se transmitiron durante séculos no seo da familia, do faladoiro campesiño ou do patio de veciñanza. Un patrimonio da nosa propia tradición, que nada debe á doutros países da contorna nin a ningunha cultura escrita, e que chegou ata nós moi debilitado, pero que formou a moitas xeracións no universo simbólico colectivo, a través de persoas, a miúdo iletradas (non incultas), posuidoras dun saber popular extraordinariamente rico e non sempre ben valorado.

En representación da narración oral de Galicia inclúense varios contos de Ángel Rivas Veiga, natural de Eirexúa, Xudán (A Pontenova)

Ficha Técnica:

Edita: Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales

ISBN: 978-84-92827-56-5

_____ DVD do documental

La memoria de los cuentos. Los últimos narradores orales.

Ficha técnica

Produce: Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales

Dirixe: José Luis López-Linares

Formato: DVD

Duración: 59 minutos

O documental, de 59□ de duración conta coa participación dos narradores xunto a testemuño de familiares, veciños, profesores e especialistas como Antonio Rodríguez Almodóvar, José María Merino, Joaquín Díaz, Antonio Reigosa e José Manuel de Prada-Samper. O documental inclúese na publicación La memoria de los cuentos. Los últimos narradores orales.

Ficha técnica

Produce: Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales

Dirige: José Luis López-Linares

Formato: DVD

Duración: 59 minutos

_____ Ángel Rivas Veiga

Ángel Rivas Veiga naceu no medio doutros cinco irmáns o 1 de novembro de 1924 no lugar de Eirexúa, parroquia de Xudán, concello da Pontenova (Lugo). Aquí naceu e aquí residiu ata que casou, hai agora uns doce anos, e se trasladou a Orxás, en Pousada, concello d'Pastoriza, que é onde vive, gozando dunha envexable saúde, na compañía da súa muller, pasando o tempo entre o coidado dun horto primoroso e as excursións programadas para os da súa idade.

A Ángel coñecémolo en 1996, cando os do Equipo Chaira andabamos cos traballos de campo para o Inventario de contos e lendas e outras manifestacións da literatura de tradición oral do concello de Pontenova. Recibiunos na súa casa de Eirexúa unha tarde de outono, convidounos a sentar arredor da cociña de ferro, e aos poucos xa estaba engaiolándonos coa súa sabedoría. Paseniño comezou a narrar uns fermosísimos contos que aprendera cando mozo, escoitados duns e doutros, sobre todo do seu pai, nas polavilas que se facían entón nas casas da aldea para mellor pasar as noites de inverno. Aqueles contos que os estudosos da materia chaman maravillosos ou ordinarios coma O Castelo de Irás e Non Volverás, O fardelo e a manta, O ferreiro e o demo, A gaita máxica...e outros moitos que despois publicamos no libro Polavila na Pontenova. Lendas, contos e romances (Lugo, 1998). Logo, estudando de vagar aquel tesouro literario, descubrimos que as versións dalgúns son únicas e as doutros constitúen unha aportación notable entre as que se recompilaron en Galicia e en toda a Península. Aquel día, e outros de despois que nos reunimos con el, tivemos a sorte de coñecer un mestre humilde, de gozar do saber dun exemplo vivo de narrador oral que aprendera o oficio, sen querer, escoitando aos vellos contadores da súa aldea.

A vida, a longa e saudosa vida de Ángel Rivas, deulle para ir vinte veráns seguidos segar a Castela, sempre á mesma casa, primeiro como mozo e logo como maioral. Traballou en mil e unha obras, na construción de estradas e no campo, e ata quixo ser frautista e gaiteiro, pero non acabaron de entenderse instrumento e

instrumentista.

Como narrador oral, Ángel Rivas, é un mestre de voz rexa e pausada, dominador dos rexistros e das reiteracións inherentes á comunicación oral. Escoitalo é ter o privilexio de recuar aos tempos nos que a literatura só circulaba escrita coa boca e lida cos oídos.

Ángel, aínda que só momentaneamente, chegou a vivir do conto. Nunha das xeiras laborais traballou ao servizo dun panadeiro e houbo ocasións en que o patrón lle encargou ir contar contos ao seu fillo pequeno, doente no leito. Mágoa que non lle durase aquela ocupación; os calores de a carón do forno non lle sentaban e tivo que mudar de oficio. O que máis perdeu no cambio foi o fillo do panadeiro.

A UNESCO na Convención para a Salvagarda do Patrimonio Inmaterial (outubro de 2003) acordou instar aos estados membros á creación de sistemas nacionais para a identificación e o recoñecemento dos chamados Tesouros Humanos Vivos, individuos que posúen en sumo grao os coñecementos e técnicas necesarias para interpretar ou recrear determinados elementos do patrimonio cultural inmaterial e así garantir que os seus saberes se perpetúen, transmitan e divulguen entre as novas xeracións.

Ángel Rivas Veiga é un Tesouro Humano Vivo; só falta que as institucións competentes fagan o posible por recoñecerllo.

Ángel Rivas Veiga é o único narrador oral galego escollido para o proxecto □La memoria de los cuentos□, patrocinado pola Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales no que participan só 8 narradores orais de todo o Estado. Consta dun documental conducido polo escritor Antonio Rodríguez Almodóvar e máis dunha publicación cos contos e datos biográficos dos narradores.

© do texto: Antonio Reigosa



